



22.-ORDENANZA FISCAL Nº22, REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS QUE EN BENEFICIO DE PARTICULARES, A REQUERIMIENTO DELES OU DE OFICIO, SE PRESTEN POR VEHÍCULOS OU OPERARIOS DA BRIGADA MUNICIPAL.

PUBLICACIÓNS:

B.O.P. 29/01/2000

MODIFICADA BOP 29/12/2012.

MODIFICADA BOP 26/12/2013.

Fundamento e natureza

Art. 1º.- Este Concello establece, nos termos e para os efectos definidos nos arts. 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co disposto no art. 58 da Lei 39/88, de 28 de Decembro, Reguladora das Facendas Locais, a taxa polos servizos que a particulares, a requerimento destes, ou de oficio se for o caso, se presten por vehículos ou operarios da brigada municipal, que se rexirá pola normativa dos arts. 20 a 27 da referida lei e polo propio articulado da presente ordenanza fiscal.

Feito imponible

Art. 2º.- Constitúen o feito imponible da taxa a prestación de servizos que en beneficio de particulares, a requerimento destes, ou de oficio se for o caso, se presten por vehículos ou operarios da brigada municipal.

Non estarán suxeitos ó pagamento desta taxa os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza, ou dunha parte considerable desta, tales como os derivados de catástrofes ou calamidades públicas oficialmente declaradas.

Suxeito pasivo

Art. 3º.- Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas que aparezan como titulares dos bens afectados pola prestación do servizo.

Aplicación da taxa



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

Art. 4º.- Aplicase a taxa, e nace a obriga de contribuír, desde o momento en que se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose como tal a simple presenza no lugar de que se trata dos medios municipais requeridos.

Contía

Art. 5º.- As taxas que se aplicarán, nos termos desta ordenanza, regúlanse de acordo coa seguinte táboa de tarifas:

- . Camión - guindastre ou outra maquinaria: 12,47 € por saída, e 31,16 € por hora, ou fracción proporcional, do tempo empregado na prestación do servizo.
- . Por cada operario que realice o servizo: 12,47 € por hora, ou fracción proporcional, do tempo empregado na prestación do servizo.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga ó da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.